



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

### RESOLUCION DE ALCALDÍA Nº 296 /2016 DE 20 DE XULLO DE REAPERTURA DE PROCESO DE CONTRATACIÓN DE 1 SOCORRISTA NO CONCELLO DE PONTECESO

#### Antecedentes

Por Resolución nº 211/2016 de 13 de xuño aprobáronse as bases de contratación de sete socorristas para as praias do Concello de Ponteceso

Por Resolución 236/2016 de 22 de xuño aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos

Por Resolución de 27 de xuño de 2016 aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos

Constan as actas da 1º sesión e 2º sesión de 29 de xuño de 2016

O mesmo 29 de xuño de 2016, o Tribunal efectuou proposta de contratación en favor do seguintes aspirantes:

**Daniel Lorenzo Rama: 2.85 puntos**

**Daniel Gil Costa: 2.20 puntos**

**José Francisco Cotelo Torrado: 1.10 puntos**

No prazo outorgado segundo as bases reguladoras, presentaron, os que non o tiñan feito, a documentación complementaria Daniel Gil Costa e José Francisco Cotelo Torrado

Daniel Lorenzo Rama renunciou ó posto de traballo ( RE1.7.2016 co nº 2179)

O día 1 de xullo resolvín contratar baixo a modalidade de obra/servizo determinado de interese social a tempo completo, por prazo de dous meses a Daniel Gil Costa e José Francisco Cotelo Torrado.

Igualmente acordei como consecuencia de quedar desertas 5 prazas de socorristas, que se procedese a abrir novamente a oferta á Oficina do Servizo público de Emprego de Galicia no ámbito provincial, conforme os mesmos criterios establecidos nas bases aprobadas o 13.06.2016 co nº 211

O día 14 de xullo de 2016 co nº 280 modifiquei as bases no que respecta aos tempos da proba combinada de piscina.

Realizado novamente o proceso selectivo, o día 19 de xullo de 2016 resolvín, levantando o reparo emitido pola Intervención municipal da mesma data, contratar a Raquel Novo Santiago, Luis Enrique Álvarez Pabón, Adrián Tato Tedín e Francisco Manuel Trillo Vilela

A día de hoxe é imprescindible cubrir aínda 1 posto de socorrista.

No expediente consta unha relación de candidatos na última oferta remitida polo Servizo de Emprego Público de Galicia remitida a este concello o 7 de xullo de 2016.

A relación de candidatos preseleccionados é:

Ismael Amor Vidal

Kevin Antelo Pérez

Marcos Domínguez Vázquez

Miguel Ángel Mancilla Pérez

Diego Pombo García

Adrián Suárez Vázquez


Beatriz Vázquez Castro

Debe constar expresamente no expediente o aviso a todos estes candidatos, abrindo un novo prazo de 2 días hábiles para que os interesados presenten a documentación esixida nas bases de selección aprobadas por Resolución de alcaldía nº 211 de 13 de xuño de 2016

Ponteceso, 20.07.2016

O alcalde P.D. ( Res 292/2016)

José Manuel Pose Verdes



a Secretaria

Cristina Castro Fuentes

